



## Emprego doméstico. A asociación de empregadas do fogar Xiara

---

Mercedes Andrade e Teresa Rodríguez

A Asociación Xiara, é unha asociación de empregadas de fogar, que se dedica a accións encamiñadas a mellorar e cambiar a nosa situación sociolaboral. Vou comezar facendo unha breve presentación deste sector, a nivel social e laboral, para saber de que situación partimos, e logo explicar a nosa traxectoria.

### 1.- O emprego doméstico

Podemos definir unha traballadora de fogar como a persoa que efectúa, nun domicilio alieo, labores de limpeza, cociña, pasar o ferro e todas as demais actividades de mantemento diario dun domicilio familiar, incluído o coidado de nenos, enfermos e maiores. De acordo con esta definición, o traballo do fogar permite que as persoas en activo dese domicilio poidan ter unha vida laboral axeitada, namentres... a valoración social e económica deste tipo de traballo non coincide coa súa importancia real.

Historicamente, a realización dos coidados e das tarefas do fogar estivo moi ligada a un reparto estrito de traballos entre mulleres e homes. Os homes estiveron presentes no mercado laboral, e as mulleres no espazo doméstico, a cargo de traballos non remunerados e socialmente non valorados, responsabilizadas dos coidados no conxunto da familia. Esta división sexual do traballo supón diferenzas moi importantes en termos de dereitos sociais e de capacidade de decisións sobre a propia vida.

Actualmente, este modelo entra en crise debido a factores diversos: o envellecemento da poboación, o acceso da muller ao mercado laboral, e o deterioro do estado de benestar. Neste sentido, as mu-

lles seguen a ser as coidadoras precarias. Así, a distribución dos traballos non remunerados segue a ser extremadamente desigual entre mulleres e homes.

Os homes, como colectivo, non asumen a responsabilidade de coidar a familia, nin de coidarse a si mesmos. A redistribución estase a producir no seo do colectivo feminino. As mulleres, responsables do emprego e de traballos de coidados non remunerados, desenvolven múltiples estratexias para intentar combinar ambos: intensifican os tempos de traballo, compatibilizan tarefas, reducen o tempo de ocio, compran servizos no mercado... Auténticos encaixes de palillos para conciliar unhas responsabilidades que, a miúdo, involucran a mulleres de xeracións anteriores ou en peores condicións socioeconómicas, sobre todo emigrantes.

Así, existe unha redistribución dos tempos de vida e traballo de cada muller sen que exista responsabilidade social para garantir os coidados que a poboación precisa.

Esta redistribución non é suficiente, pois moitos coidados necesarios non se cobren, e outros recíbense en condicións precarias. Todo isto supón un aumento do emprego de fogar dentro da clase media e baixa, para que a muller poida conciliar vida familiar e traballo remunerado. Polo tanto o sector das empregadas de fogar e de coidados convertese nunha necesidade social.

A esta característica socialmente feminina do traballo doméstico temos que engadirlle que as tarefas do fogar e os coidados caracterízanse, tamén, polo papel predominante da interacción persoal e a proximidade entre o que recibe o servizo e o que o presta. O emprego de fogar sitúase a cabalo entre o ámbito laboral, xa que é retribuído, e o ámbito privado, xa que se realiza nun fogar familiar, cunha relación moi personalizada, porque non se trata só de realizar tarefas (limpar, vestir, pasar o ferro, coidar...), tamén require capacidade de atención (escoitar, comprender, entreter...) e capacidade de relación.

A convivencia tan directa, tradúcese nun trato que se podería considerar «familiar», pero moitas veces ten connotacións de servilismo, o que fai complicado establecer uns límites tanto no tempo de traballo como nos labores, xa que a relación basease tamén nou-

tros aspectos diferentes aos laborais, principalmente a confianza; e se falamos de coidados, tamén de afecto, o que pode dar lugar a intromisións, abusos e esixencias á marxe do pactado.

Estas intromisións fanse moito máis visibles cando a traballadora é unha inmigrante, así, en moitas ocasións, esíxenselles unhas características que pouco teñen que ver coas competencias profesionais.

Non se dispón de datos oficiais de cantas persoas sen papeis traballan no emprego do fogar, pero o que se sabe é que a maior parte das que traballan internas non teñen papeis, xa que, por un lado, para elas este sector é o que as deixa entrar, aínda que moi en precario, ao mercado laboral, e por outro lado, as persoas en situación regular, autóctonas ou non, non queren ese tipo de traballo que implica, xeralmente, vivir nun domicilio familiar nunhas condicións de traballo bastante pésimas.

Porque, que significa estar sen papeis e traballar no emprego de fogar? Significa principalmente ser moito máis vulnerable aos abusos que xa de por si se dan no sector. Significa que a relación de submisión se agudiza e é máis difícil de romper... A situación é especialmente dura, dende os innumerables casos de abusos sexuais aos casos nos que o empregador/a deixa de pagar, despide sen avisar... Xustamente esta situación de vulnerabilidade é a que fai máis complicado denunciar esas inxustizas aínda que, por suposto, non imposible. Podemos concluír que este sector é en xeral un dos colectivos con maior precariedade e vulnerabilidade, non só para as inmigrantes sen papeis. É un sector feminizado, etnificado, precario e informal.

A maioría das traballadoras do sector desenvolven a súa actividade en longuísimas xornadas laborais, mala remuneración, escasas condicións de seguridade e hixiene, escaso prestixio e protección social, falta total de control no cumprimento das condicións do contrato, pouca estabilidade... Polo tanto, resumindo, estamos a falar dun dos sectores peor valorados e máis esquecidos pola sociedade en xeral, en condicións laborais non sempre dignas nin xustas.

E, para empeorar máis as cousas, a nivel laboral os fogares son considerados como empresas, cando é o Estado o que debe articular

axudas e compensacións para a contratación, posto que a cotización e o traballo das empregadas de fogar redunda no conxunto da sociedade. O empregador é unha persoa que pertence ó ámbito privado, non é como outros empresarios, ademais como xa vimos antes, hoxe en día contrátase non só por comodidade, senón tamén por circunstancias familiares e sociais e, ás veces a situación familiar non é tan flamante como para poder pagar incluso o mínimo marcado pola lei, aínda que hai de todo, por suposto.

Outro punto tamén importante neste sector e que nós reivindicamos, é a formación profesional. Formación que na actualidade se fai maiormente a través de ONG's e entidades privadas, pero que sería necesario que fose oficial e regulada.

Esta maior cualificación profesional das traballadoras redundaría nun maior recoñecemento e dignificación do traballo realizado, porque este traballo non está recoñecido moitas veces como tal nin polo empregador nin a nivel lexislativo, nin, o que é peor, polas mesmas traballadoras. E, polo tanto, unha boa formación redundaría en maior calidade no traballo, maior dignificación, maior profesionalización, maior valoración económica... Todo suporía vantaxes para mellorar a situación laboral e social das traballadoras de fogar.

## **2.- Cambios lexislativos máis significativos desde novembro de 2011**

O 2 de xaneiro de 2012 entraron en vigor dúas novas normas. Por un lado, o Real Decreto 1620/2011, de 14 de novembro polo que se regula a relación laboral especial do emprego doméstico e, por outro, a Lei 27/2011 pola que as traballadoras de fogar se integran no Réxime Xeral da Seguridade Social polo que queda derogado o RD 1424/1985 do 1 de agosto que regulaba a relación de carácter especial do servizo doméstico aos fogares familiares.

A nova regulación reconece dereitos novos, como o de recibir por escrito información sobre as condicións de traballo, os horarios, as retribucións ou o descanso, o incremento das indemnizacións por cesamento ou o aboamento de todas as horas diúrnas a disposición do empregador. En materia de Seguridade Social, a obriga de dar de alta desde a primeira hora e aínda que se traballe por horas, o

cobramento da baixa por enfermidade ou accidente como o resto de sectores, a continuación no pagamento das cotas por parte do empregador durante as baixas.

### *2.1. Algúns inconvenientes da nova lei*

- Excesiva duración do tempo de presenza habitual (20 horas semanais) e indefinición e falta de regulamento das traballadoras en réxime interno. A xornada das internas mantéñese nuns termos nos que é perfectamente legal non poder saír da vivenda, cunha xornada de 40 horas e as 20 de presenza, ata o período de descanso semanal. Non existe tampouco un regulamento co traballo que se realiza de xeito nocturno (horarios, retribución, tarefas...). O salario segue soportando uns descontos excesivos pola manutención e o aloxamento (o tempo de presenza practicamente pode quedar sen retribución en metálico a base dos descontos por comida e aloxamento). En países como Francia e Italia, o salario en especie é case a metade que o que se aplica no Estado español.
- Non se recoñece o dereito a ‘desemprego’ nin o dereito ao cobro de salarios impagados, en caso de insolvencia do empregador (FOGASA, fondo de garantía salarial).
- Estamos excluídas por norma da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- As bonificacións á parte empregadora son inxustas, no sentido de que non son por ingresos e necesidade, é dicir, beneficianse só os que dan de alta a partir de xaneiro de 2012, cando había familias que tiñan de alta a unha traballadora anteriormente e outros nas mesmas condicións, tendo obriga de pagar, non tiñan asegurada á traballadora.

Ademais, se realmente existe vontade de que a situación das traballadoras de fogar mellore, é necesario abordar aspectos como:

- 1.- Análise profunda sobre como se están a resolver no modelo actual os problemas que derivan do coidado de persoas en situación de dependencia e aos menores de tres anos.

- 2.- A Lei de Estranxería obriga a traballar na economía mergullada a mulleres que moitas veces están a coidar persoas que necesitan atención as 24 horas, todos os días da semana porque a Lei de Dependencia non cobre as necesidades dos que necesitan asistencia a teñan ou non recoñecida.
- 3.- Segue sen establecerse medidas efectivas para evitar os abusos das axencias privadas de colocación, como sería sancionar co peche ás que intermedian por debaixo dos mínimos legais ou cobran ás traballadoras por darlles emprego.
- 4.- Unha parte dos dereitos que recolle a nova lexislación, só se realizarán na práctica se a Inspección de Traballo actúa ou dispón dunhas medidas efectivas de control para que a norma se cumpra.

A finais de 2012 volven reformar o Real Decreto 1620/2011, cunha modificación publicada no Real Decreto-Lei 29/2012, de 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no Sistema Especial para Empregados de Fogar e doutras medidas de carácter económico e social.

Este real decreto empeora as condicións das traballadoras de fogar en dous aspectos:

- 1.- Implantación do pago por parte das traballadoras da cota íntegra da Seguridade Social (a da traballadora e a do empregador/a) cando se traballa menos de 60 horas ao mes.
- 2.- Rebaixa dos tramos de cotización que incide directamente na protección das persoas que traballan neste sector por parte da Seguridade Social, o que redonda no incremento do traballo mergullado.

### **3.- A Asociación Xiara**

E despois desta visión do sector, imos contar un pouco como xurdiu a asociación:

No ano 2002 conformouse en Santiago unha Plataforma pola Dignificación do Emprego de Fogar, composta por organizacións

sindicais, sociais e veciñais, que tiñamos en común que dentro do noso ámbito de traballo estabamos en relación co mundo laboral da muller e polo tanto tiñamos diante de nós, cada día, todos os problemas das empregadas de fogar que acabo de relatar. Como Plataforma fixemos diferentes actividades de sensibilización, difusión e elaboración de propostas para o cambio da situación sociolaboral que soportan as traballadoras de fogar; recolléronse 6.000 sinaturas en apoio ao cambio das condicións da lei que regulaba o traballo de fogar desde 1985. Estas sinaturas presentáronse aos tres grupos políticos con representación no Parlamento Galego, que asinaron no 2003 un acordo parlamentario onde se sentaban as bases para o cambio legislativo e social... que non chegou ata o 2012.

Tamén no ano 2003 xurdiu, dentro da Plataforma, a proposta de que sería moito máis interesante e positivo que fosen as propias empregadas de fogar as que se asociasen e loitasen polos seus dereitos e, así naceu no 2004 a Asociación Xiara, asociación dedicada á loita pola dignificación das empregadas de fogar e, aínda que é aberta, está formada na súa meirande parte por socias que son empregadas de fogar.

Durante estes trece anos fixemos diversas actividades de diferente índole, dirixidas algunhas a formación e información das empregadas de fogar, outras dirixidas á sociedade en xeral pero todas encamiñadas a concienciar da dignificación social deste traballo, xa que, para moitos empregadores, a empregada de fogar é un electrodoméstico máis, que non ten dereitos máis aló das necesidades do empregador. E, moitas empregadas non teñen a forza suficiente para valorarse e ver o seu traballo como importante e digno.

Resumimos estas actividades:

- No ano 2005 publicamos «Na procura dun traballo digno» un documento onde se recollen breves historias anónimas sobre a vida do traballo das empregadas de fogar, unha descrición da realidade das ofertas de traballo neste sector, e un apartado informativo sobre a lexislación que regulaba nese momento o traballo de fogar.

- Tamén no ano 2005 acadouse outro acordo parlamentario, neste caso no goberno estatal, para traballar no cambio das condicións sociais e legais do emprego de fogar.
- Entre o 2005-2006 iniciamos tamén contacto con diversas asociación de diferentes partes do Estado (Bilbao, Granada, Albacete, Madrid, Valladolid...) e, por fin, no ano 2007 fundamos, xunto con esa outras asociacións, a Plataforma Estatal de Traballadoras de Fogar. Plataforma coa que fixemos diversas actividades e xornadas de emprego doméstico e coa que participamos tamén activamente na loita polo cambio da lei, que por fin se produciu no 2012, aínda que como veremos despois non mellorou tanto como sería necesario.
- No 2007 producimos, xunto con Espazo Aberto Galiza Filmes, a curtametraxe *Esquecidas*, que, despois dunha exitosa presentación pública, utilizamos para facer proxeccións itinerantes por toda Galicia (por diferentes asociacións de mulleres, inmigrantes, veciñais, estudantes, sindicais...) realizando, ao mesmo tempo, foros de debate sobre a formación e información da situación sociolaboral do emprego de fogar.
- Desde o 2008 a Asociación Xiara, conxuntamente con vinte organizacións do ámbito sindical, veciñal e social, presenta cada ano á cidadanía unha proposta de salarios mínimos. Párecenos importantísima a loita por un salario digno, que vaia máis aló do mínimo que marca o goberno, porque este é un salario legal, pero non deixa de ser precario.
- No 2009 poñemos en marcha a campaña de promoción do asociacionismo «Achégate a Nós» con diferentes actividades de sensibilización de tipo cultural e social. Esta campaña seguímola mantendo e actualizando cada ano, porque o asociacionismo está complicado en case todos os ámbitos, pero no emprego de fogar moito máis. As empregadas teñen vidas e horarios complicados (como xa vimos antes, elas concilian outras vidas, pero quen concilia as delas?) e, aínda no século XXI, teñen medo a asociarse, a reunirse. A moitas empregadoras non lles gusta porque saben que van coñecer máis os seus



dereitos, vanse valorar máis... e pode que as leve a ser máis reivindicativas, e iso que en calquera outro traballo é entendible, non o é neste sector.

- No ano 2011 iniciamos a apertura dunha asesoría sociolaboral co obxecto de orientar, informar e asesorar legalmente ás traballadoras. Esta asesoría seguímola mantendo ata agora.
- Desde o cambio de lei no 2012, fixemos, en varios lugares de Galicia, diversas actividades formativas, informativas e de asesoramento sobre a nova lexislación do emprego doméstico e a súa posta en práctica. Durante estes anos tamén participamos e organizamos xornadas e mesas redondas en Santiago, e outros puntos de Galicia, e tamén, coa Plataforma Estatal noutros puntos do Estado (Madrid, País Vasco, Albacete...).

A nivel formativo tamén fixemos cursos de cociña e un obradoiro de teatro e poesía, mais ben de autoestima e reforzo emocional, dirixido ás mulleres que traballan no emprego doméstico.

No momento actual temos que ter presente que as actividades que estas mulleres levan a cabo, que se agrupan baixo a denominación de «tarefas de fogar», e que tan pouco se valoran, son as mesmas que existen dentro do mercado de servizos (garderías, restaurantes, lavanderías, residencias da terceira idade...), tarefas imprescindibles para a nosa vida diaria. Por iso sería moi beneficioso que os servizos sociais e públicos aumentasen prazas e capacidade de atención en garderías, residencias e centros de día para maiores... e mellorasen tamén a súa adecuación de horarios para facilitar a conciliación. Entón, probablemente, non faría falta tanto servizo doméstico dedicado a cuidados de maiores, nenos e enfermos. Pero mentres teremos que seguir loitando para que mellore a lei e a empregada de fogar teña plenos dereitos laborais, o que significa que seguiremos loitando pola dignificación, valoración e recoñecemento da empregada de fogar.

**Mercedes Andrade e Teresa Rodríguez**  
Asociación Xiara